

# **O crecemento da produción industrial se dispara en Galicia e acada o 11,8%, dobre da media nacional**

*Textil, motor e alimentación lideraron as cifras de crecemento dos sectores produtivos galegos*

O Índice Xeral de Produción Industrial (IPI) galego disparouse en febreiro ata acadar o 11,8% de crecemento con respecto ao mesmo mes de 2015. A nosa comunidade colócase deste xeito como unha das máis avantaxadas do conxunto do Estado, onde o crecemento medio foi dun 5,9%.

Galicia encadea así 10 meses consecutivos de incremento interanual, desde abril de 2015. Na media do que vai de ano (xaneiro e febreiro) a produción industrial galega increméntase un 8 %, a segunda mellor cifra, tamén só por detrás de Castela e León (9,8 %), mentres a media estatal foi do 3,4 %.

Galicia goza dos resultados da labor conxunta da cidadanía e Goberno autonómico feita durante anos e da estabilidade que proporciona un Goberno responsable. Ao incremento do IPI únense a aceleración do crecemento do PIB da nosa comunidade en 2015 –un 3,2% fronte o 2,3% previsto-, o novo cumprimento cos obxectivo de déficit e a baixada reit

Dende o PPdeG somos conscientes de que aínda hai moita xente que sofre as consecuencias da crise. Mentres isto sexa así queda traballo por facer; non debemos caer en triunfalismos. En calquera caso, tantos datos positivos deixan marxe á esperanza. Seguiremos traballando por materializar a recuperación en todos os fogares de Galicia onde aínda non chegou.